XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1°.- Que o Xurado Provincial de Monte Veciñais en Man Común tomou a Resolución o día 25-3-1976, de clasificar como tal o denominado "TOUZA", a favor da comunidade de Souteliño. Contra este acordo se interpuñeron dos recursos de reposición, o 14-5-1976, por parte do Concello de Laza e por parte da Xunta da Comunidade de Laza e Cimadevila, tomando o Xurado en Resolución do 2-5-1977, a decisión de atribuir a titularidade do monte TOUZA conxuntamente ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila.

2°.- Que o 10-4-1995, ten entrada neste Servicio escrito de D. José Rodriguez Besteiro, informando de que con dada 27 de marzo de 1995, diversos veciños do pobo de Souteliño presentaran demanda do Xuicio Declarativo de Menor Cuantía, ante o Xuzgado de 1ª Instancia de Verin (Ourense), reclamando a titularidade exclusiva sobre o monte TOUZA dos veciños de Souteliño, acompañando o escrito certificación do Xuzgado da existencia do procedemento.

Este escrito foi remitido non seu día a esa Dirección Xeral.

3°.- Que con data 19-1-1996, ten entrada neste Servicio escrito de D. Florencio Blanco Conde, en calidade de Secretario da Comunidade de Laza, Cimadevila e Souteliño, adxuntando modelos oficiales de convenio complimentados, solicitando a transformación do consorcio dos montes TOUZA e TRAVESA en convenio, na parte pertencente a Comunidade que representa, según acordo da Comunidade de 14 de xaneiro de 1996.

4°.- Que con data 28 de febreiro de 1996, se comunica a Comunidade de Souteliño, Laza e Cimadevila que a rescisión do consorcio previa a suscripción do convenio, debe ser solicitada pola comunidade ante o Xuzgado de 1ª Instancia, según o trámite de incidentes.

5°.- Que con data 21-5-1996, ten entrada neste Servicio, escrito de esa Dirección Xeral, adxuntando copia do auto dictado polo Xuzgado de 1ª Instancia nº 1 de Verín, relativo o xuicio de menor cuantía seguido en ese Xuzgado co nº 51/59 relativo a intervención do monte TOUZA, no que se comunica que no existe inconveniente algún derivado de ese proceso que impida que se suscriba o convenio de explotación do citado monte veciñal en man común, contando ademas dito convenio coa aprobación do Interventor Xudicial do monte.

6°.- Na misma data se recibe escrito do Secretario da Comunidade adxuntando providencia do Xuzgado, según a cal non se aprecia obstáculo algún que impida a modificación solicitada o ter a conformidade de todas as partes no conflicto al cambio do consorcio a convenio e existir conformidade do Interventor Xudicial.

7°.- Que o M.V. en M.C. TOUZA forma parte dos montes consorciados no ano 1948 cos nomes TOUZA(OR-2020) e TRAVESA (OR-2021).

8°.- Que a superficie total consorciada do monte TOUZA (OR-2020), é de 2.698,8 Has. das cales pertecen a Comunidade de Souteliño, Laza, e Cimadevila 1.209 Has. Del Pue pasan al Convenio 321583 (15.01.96) → 801,9 Ha.

9°.- Que a superficie total consorciada do monte TRAVESA (OR-2021) é de 788 Hás. das cales pertecen á Comunidade de Souteliño, Laza e Cimadevila 163 Has.

10°.- Que o estado de contas do monte "TRAVESA" (OR-2021) na parte correspondente os veciños de Souteliño, e Cimadevila é o seguinte:

ATA O 25 DE MARZO DE 1976

GASTOS:

- Gastos totais do consorcio.....	5.973.711.-Ptas.
Corresponden a parte de Souteliño,Laza e Cimadevila:	
-Traballos: 5.973.711ptas. x 163Ha./788Ha.	1.235.679.- "
-Gardería: 630 pts./Ha x 163 Ha.	102.690,- "
-Administración: 7,85% s/1.235.679.-Ptas. .	97.001.- "
TOTAL.....	1.435.370.- Ptas.

INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio.....	710.218.-Ptas.
Corresponden a parte de Souteliño,Laza e Cimadevila:	
-Aproveitamentos maderables.....	
710.218 pts. x 163 Ha./788 Ha.=	146.911.- "
Condoación débeda lei 13/1989.....	1.288.459.-
TOTAL	1.435.370.-Ptas

Resunta un saldo de CERO PESETAS na data de clasificación.

DENDE 25-11-1976 O 31 DE DECEMBRO DE 1954

GASTOS:

Gastos totais do consorcio.....	20.474.347.-Ptas.
Corresponten a parte de Souteliño, Laza e Cimadevila:	
Traballos:20.474.347 ptas.x 163Há./788 Ha.	4.235.176.-Pta.
Gardería: 985ptas./Ha. x 163Ha.	160.555.- "

Administración: 7,85% s/4.235.176.-Ptas.. 332.461.- "

TOTAL..... 4.728.192.-Ptas.

INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio ..... 14.701.882.-Ptas.

Corresponden a parte de souteliño, Laza e Cimadevila:

Aproveitamentos maderables.....

14.701.882ptas. x 163Ha./788 Ha..... 3.041.125.-Ptas.

TOTAL ..... 3.041.125.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "TRAVESA" (OR-2021)NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE SOUTELIÑO, LAZA E CIMADEVILA DE:

G - I = 4.728.192 Ptas. - 3.041.125.-Ptas. = 1.687.067.-Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

11°.- QUE O ESTADO DE CONTAS DO MONTE "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE SOUTELIÑO, LAZA E CIMADEVILA É O SEGUINTE:

ATA O 25 DE MARZO DE 1976

GASTOS:

Gastos totais do consorcio. ..... 12.949.527.-Pts.

Corresponden a parte de Souteliño,Laza e Cimadevila:

Traballos:12.949.527pts.x1.209 Ha./2,698,8Ha. 5.801.089.-Pts.

Garderia:630ptas./Ha. 1.209 Ha. ..... 761.670.- "

Administración: 7,85% s/5.801.089pts. .. 455.385.- "

TOTAL..... 7.018.144.-Ptas.

INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio.....	1.403.771.-Ptas.
Corresponden a parte de Souteliño, Laza e Cimadevila:	
Aproveitamentos maderables:	
1.403.771ptas.x 1.209/2.698,8Ha.	628.857.-Ptas.
Condoación débeda Lei 13/1989	6.389.287.- "
TOTAL	7.018.144.-Ptas.

RESULTA UN SALDO DE CERO PESETAS NA DATA DE CLASIFICACIÓN:

DENDE 25-III-1976 O 31-XII DE 1995

GASTOS:

Gastos totais do consorcio.....	81.154.051.-Ptas
Corresponden o monte clasificado de Souteliño, Laza e Cimadevila:	
Traballos: 81.154.051 x 1.209Ha./2.698,8 Ha.	36.355.138.-Ptas
Gardería: 985 Pts./Ha x 1.209 Ha.	1.190.865.- "
Administración: 7,85% s/36.355.138 Ptas. ..	2.853.878.- "
TOTAL.....	40.399.881.-Ptas

INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio.	43.113.779.-Pts.
Corresponden a aprte de Souteliño, Laza e - Cimadevila.	
Aproveitamentos maderables:	
43.113.779 ptas.x 1.209Ha./2.698,8 Ha.	19.313.976.-Pts.
TOTAL.....	19.313.976-Pts

RESULTA UN SALDO NO MONTE "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE SOUTELIÑO, LAZA E CIMADEVILA DE:

G - I: 40.399.881.- Ptas. - 19.313.976 Ptas. = 21.085.905.- Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

12°.- Que a débeda total do monte que se vai a conveniar é a seguinte:

DO MONTE "TRAVESA" (0R-2021)	1.687.067.-Ptas.
DO MONTE "TOUZA" (OR-2020)	21.085.905.-Ptas.
TOTAL.....	22.772.972.-Ptas.

Á vista de todo ísto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o convenio, coas seguintes bases:

Nome: "TOUZA".
Elenco: 32155111
Superficie: 1.372 Ha.
Pertenza: Veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila.
Concello: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interes sobre anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.
Saldo inicial da conta do convenio: 22.772.972.-Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

2°.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TRAVESA" (OR-2021) se resten respectivamente as cantidades de 5.470.855.-Ptas. e 3.188.036.-Ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

3°.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TOUZA" (OR-2020) se resten respectivamente as cantidades de 42.156.227.-Ptas. e 19.942.833.-Ptas. que corresponden á parte do consorcio que se cancela.

4°.- Que as características do consorcio OR-2020 correspondente o monte "TOUZA" sexan no sucesivo as seguintes:

Nome: "TOUZA".
Elenco: OR-2020
Superficie: 687,90 Hás.
Pertenza: MATAMA, RETORTA E ARCUCELOS; CARRAJO E O SANTO; VILAMEA; SOUTELIÑO, LAZA E CIMADEVILA.
Concello: Laza.

5°.- Que no sucesivo as características do consorcio OR-2021 correspondente o monte "Travesa" sexan as seguintes:

Nome: "TRAVESA".
Elenco: OR-2021.
Superficie: 471 Has. (Exclúense do consorcio 154 Has. xa transformadas en convenio co n° 3215591 pola comunidade de Laza e Cimadevila) además das 163 Has. que pasan agora a convenio).
Pertenza: MATAMA, RETORTA E ARCUCELOS.
Concello: LAZA.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo: Plácido Baamonde López.

V°B°
O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRITULTURA, GANDERIA E MONTES.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Visto o expediente de transformación en Convenio dos consorcios dos montes "Touza", OR-2020, e "Travesa", OR-2021, na parte pertencente ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila, de 1.372 Has. e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbeto da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

XUNTA DE GALICIA - DIRECCION XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: María Díz Rodríguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1°.- Que se aprobe o convenio, coas seguintes bases:

Nome: "TOUZA".
Elenco: 32155111.
Superficie: 1.372 Hás.
Pertenza: Veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila.
Concello: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interes sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.
Saldo inicial da conta do convenio: 22.772.972.-Ptas.
A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

2°.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TRAVESA" (OR-2021) se resten respectivamente as cantidades de 5.470.855.-Ptas. e 3.188.036.- Ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

3°.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TOUZA" (OR-2020) se resten respectivamente as cantidades de 42.156.227.-Ptas. e 19.942.833.- Ptas. que corresponden a aprte do consorcio que se cancela.

4°.- Que as características do consorcio OR-2020 corresponden o monte "TOUZA" sexan no sucesivo as seguintes:

Nome: "TOUZA"
Elenco: OR-2020
Superficie: 687,90 Hás.
Pertenza: MATAMA, RETORTA E ARCUCELOS, CARRAJO E O SANTO; VILAMEA; SOUTELIÑO, LAZA E CIMADEVILA.
Concello: Laza.

5°.- Que no sucesivo as características do consorcio OR-2021 correspondente o monte "Travesa" sexan as seguintes:

Nome: "TRAVESA".
Elenco: OR-2021
Superficie: 471 Has. (Exclúense do consorcio 154 Hás. xa transformadas en convenio con° 3215591 pola comunidade de Laza e Cimadevila) además das 163 Hás. que pasan agora a convenio.
Pertenza: MATAMA, RETORTA E ARCUCELOS:
Concello: Laza.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 1996.

O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

C O N V E N I O

N.º	321	55111

En Santiago de Compostela, a ..... de ..... de mil novecentos noventa e ..... .

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, POR DELEGACION DO, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~. orde do 13-12-1993

Da outra, D. ILDEFONSO FERNANDEZ NOVOA, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "TOUZA" de Laza, Cimadevila e Souteliño., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do oito de agosto de mil novecentos corenta e oito.---
para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen á Comunidade de LAZA, CIMADEVILA e SOUTELIÑO.---
,
e son os que a continuación se describen:

Denominación: Monte veciñal en Mán Común TOUZA.----

Termo municipal: LAZA .--- Provincia: ORENSE .--

Situación administrativa e legal: Monte Veciñal en Mañ Común dos veciños de Laza, Cimadevila e Souteliño.---

Límites:

N.: Monte Touza de Carraxóo e Soutelo Verde, e monte Carballeiras de Vilameá.---

S.: Monte Meda da parroquia de Matamá .----

L.: Fincas particulares de Souteliño e monte Travesa de Laza e Cimadevila.-----

O.: Término municipal de Cualedro (monte de Baldrid e Mercedes).

Superficie: 1.372 Has. (do Monte Travesa: 163 Has. ; Monte Touza: 1.209 Has.)

Estado forestal: 872 Has. repoblados con xenero Pino e 500 Has. rasas.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: ---------

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 872 Has.

Sen vexetación arbórea: 500 Has.

Servidumes: As usuais de paso.

3ª.— O chan continuará pertencendo á Comunidade de Laza, Cimadevila e Souteliño.---

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA ---- por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA ------ por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN--- por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: Monte Travesa (OR-2021): 163 Has.; Monte Touza (OR-2020): 1.209 Has. ----

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA --- por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA ---- por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o CERO ---- por cento, e a comunidade propietaria, o CEN --- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de TRINTA --- anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pinus Pinaster Pinus Silvestris e calqueraoutra especie que se considere óptima para os montes.---

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, ----------, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado " TOUZA", a favor dos veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila, Concello de LAZA, segundo acordos de 25-03-76 e 28-04-77. --

2.— Que, así mesmo, figura Don IDELFONSO FERNÁNDEZ NÓVOA ----------, e Don FLORENCIO BLANCO CONDE ----------, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~deica~~ dende o 4 de abril de 1993 ata o 4 abril de 1997 .--

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, ----------, a 9 de febreiro de 1996.

OURENSE

Don FLORENCIO BLANCO CONDE ---, Secretario de da Comunidade de Montes Veciñais en Mán Común de Laza, Cimadevila e Souteliño.---

C E R T I F I C O: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumprindose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día catorce de xaneiro de 1996 .---- estando designado Don ILDEFONSO FERNANDEZ NOVOA .--- representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Laza,

a vinteseis de xaneiro de mil novecentos noventa e seis.---.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: ILDEFONSO FERNANDEZ NOVOA

Asdo.: FLORENCIO BLANCO CONDE

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ ~~XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX~~ TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL,

Asdo:Antonio Luis Rosón Pérez.(O. do13/12/93)

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

"Que con data 19 de setembro de 1996, o Excmo. Sr. Conselleiro dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:
Nome do monte: "TOUZA"
Elenco: 32155111
Superficie: 1.372 ha.
Pertenza: Veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila.
Concello: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1% anual.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial da conta do Convenio: 22.772.972.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TRAVESA" (OR-2021) se resten respectivamente as cantidades de:
5.470.855.-ptas. e 3.188.036.-ptas., que corresponden á parte do montedo consorcio que se cancela.

3º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TOUZA" (OR-2020) se resten respectivamente as cantidades de 42.156.227.-ptas. e 19.942.833.-ptas., que corresponden á parte do consorcio que se cancela.

4º.- Que as características do consorcio OR-2020, correspondentes ó monte "TOUZA" sexan, no sucesivo, as seguintes:
Nome: "TOUZA"
Elenco: OR-2020
Superficie: 687,90 ha.
Pertenza: Matama, Retorta e Arcucelos, Carrajo e o Santo, Vilamea, Souteliño, Laza e Cimadevila.
Concello: Laza.

5º.- Que no sucesivo as características do consorcio OR-2021 correspondente ó monte "Travesa", sexan as seguintes:
Nome: "TRAVESA"
Elenco: OR-2021
Superficie: 471 ha. (Exclúense do consorcio 154 ha. xa transformadas en convenio co nº 325591 pola comunidade de Laza e Cimadevila) ademais das 163 ha. que pasan agora a convenio
Pertenza: Matama, Retorta e Arcucelos.
Concello: Laza.

Efectuada a revisión do convenio e consorcio a que afecta a devandita resolución detectáronse erros na aplicación das cantidades económicas imputable ó convenio, por todo o dito proponse a modificación da resolución do 19/9/96, que afecta ó convenio nº 32155111 nos termos que se propón na memoria de transformación que se achega."

En relación con isto, informamos:

1º.- Que se recibíu neste Servicio un escrito de D. José Rodríguez Besteiro, en calidade de presidene da Xunta de Montes de Souteliño, Laza e Cimadevila, solicitando a transformación en convenio dos montes Travesa (OR-2021) e Touza (OR-2020) na parte correspondente a Souteliño, Laza e Cimadevila.

2º.- Que o monte veciñal en man común de Souteliño, Laza e Cimadevila que se quere conveniar, componse de 1.372 ha. das que 1.209 ha. constitúen unha parte das 1.896,90 ha. que forman o consorcio do monte "Touza" (OR-2020), e 163 ha. que constitúen unha parte das 788 ha. que forman o consorcio do monte "Travesa" (OR-2021).

3º.- Que en sesión do 25 de marzo de 1976, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar ó monte "Touza" (OR-2020) a favor dos veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila, do termo municipal de Laza, sendo firme o acordo ó non ter reclamacións presentadas en prazo.

4º.- Que os traballos de repoboación imputables ó monte "Travesa" e "Touza" comezaron o ano 1948.

5º.- Que o estado de contas do monte "Travesa" (OR-2021) na parte correspondente ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila, é o seguinte:

5.1. ATA O 25 DE MARZO DE 1976

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio:	5.973.711.-ptas.
Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila	
- Traballos: 5.973.711.-ptas. x 163 ha./ 788 ha.	1.235.679.-ptas.
- Gardería: 630.-ptas./ ha. x 163 ha.	102.690.-ptas.
- Administración: 7,85% s/ 1.235.679.-ptas.	97.001.-ptas.
TOTAL GASTOS	**1.435.370.-ptas.**

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 710.218.-ptas.

Corresponde a monte clasificado para Souteliño, Laza e Cimadevila:

- Aproveitamentos madeirables:
710.218.-ptas. x 163 ha./ 788 ha. 146.911.-ptas.
- Condonación débeda lei 13/89 1.288.459.-ptas.
TOTAL INGRESOS **1.435.370.-ptas.**

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da clasificación.

5.2. DESDE O 25 DE MARZO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1993

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 19.585.148.-ptas.

Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:

- Traballos: 19.585.148.-ptas. x 163 ha./ 788 ha. 4.051.243.-ptas.
- Gardería: 875.-ptas./ ha. x 163 ha. 142.625.-ptas.
- Administración: 7,85% s/4.051.243.-ptas. 318.023.-ptas.
TOTAL GASTOS **4.511.891.- ptas.**

- INGRESOS:

Ingresos totais do Consorcio: 14.701.882.-ptas.

Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:

- Aproveitamentos madeirables:
14.701.882.-ptas. x 163 ha./ 788 ha. 3.041.125.-ptas.
TOTAL INGRESOS **3.041.125.-ptas.**

Resulta un saldo da conta do monte "Travesa" (OR-2021) na parte correspondente a Souteliño, Laza e Cimadevila no período 1976-1993 de:

G - I = 4.511.891.-ptas. - 3.041.125.-ptas. = **1.470.766.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.**

5.3. DESDE O 1/01/94 ATA O 31/12/95
GASTOS:

ANO	INVESTIMENTO	COFINANCIADO U.E.	INV. COMPUTABLE
1994	0.-ptas.	0.-ptas.	0.-ptas.
1995	889.199.-ptas.	(72,5%) 644.669.-ptas.	244.530.-ptas.
TOTAL	889.199.-ptas.	644.669.-ptas.	244.530.-ptas.

Gastos totais do consorcio:	244.530.-ptas.
Corresponden a Souteliño, Laza e Cimadevila	
Traballos: 244.530.-ptas. x 163 ha./ 788 ha.	50.582.-ptas..
Gardería: 110.-ptas./ha. x 163.-ptas.	17.930.-ptas.
Administración: 7,85% s/ 50.582.-ptas.	3.971.-ptas.
TOTAL GASTOS	**72.483.-ptas.**

INGRESOS:
Ingresos totais do consorcio: 0.-ptas.

Resulta un saldo no monte "Travesa" (OR-2021) na parte correspondente ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila no período 1994-1995 de:
G - I =72.483.-ptas. - 0.-ptas. = **72.483.-ptas.**

Resulta un saldo total do monte "Travesa" (OR-2021) na parte correspondente ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:

Ano 1945 - 1976:	0.-ptas.
Ano 1976 - 1993:	1.470.766.-ptas.
Ano 1994 - 1994:	72.483.-ptas.
TOTAL	**1.543.249.-ptas. A**

FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

6.- Que o estado de contas do monte "Touza" (OR-2020) na parte correspondente ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila é o seguinte:

6.1. ATA O 25 DE MARZO DE 1976
- GASTOS:

Totais do consorcio	12.949.527.-ptas.
Pasados ó monte 3215583	3.847.720.-ptas.
Resulta un saldo no monte	9.101.807.-ptas.
Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:	
- Traballos: 9.101.807.-ptas. x 1209 ha./ 1.896,9 ha.	5.801.088.-ptas.
- Gardería: 630.-ptas. / ha. x 1.209 ha.	761.670.-ptas.
- Admón: 7,85% s/ 5.801.088.-ptas.	455.385.-ptas.
TOTAL GASTOS	**7.018.143.-ptas.**

- INGRESOS:

Totais do consorcio	1.403.771.-ptas.
Pasados ó monte 3215583	680.066.-ptas.
Resulta un saldo no monte:	723.705.-ptas.

Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:

Aproveitamentos madeirables:	
723.705.-ptas. x 1.209 ha./ 1.896,9 ha.	461.257.-ptas.
Condonación débeda lei 13/89	6.556.886.-ptas.
TOTAL INGRESOS	**7.018.143.-ptas.**

Resulta un saldo de cero pesetas na data da clasificación.

6.2. DESDE O 25 DE MARZO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1993.

- GASTOS:

Totais do consorcio:	69.680.688.-ptas.
Pasados ó monte 3215583:	20.704.366.-ptas.
Resulta un saldo do monte:	48.976.322.-ptas.

Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:

- Traballos:	
48.976.322.-ptas. x 1.209 ha./ 1.896,9 ha.	31.215.337.-ptas.
- Gardería: 840.-ptas./ ha. x 1.209 ha.	1.015.560.-ptas.
- Administración: 7,85% s/ 31.215.337.-ptas.	2.450.404.-ptas.
TOTAL GASTOS	**34.681.301.-ptas.**

- INGRESOS:

Totais do consorcio:	42.229.934.-ptas.
Pasados ó monte 3215583:	12.547.867.-ptas.
Resulta un saldo no monte:	29.682.067.-ptas.

Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:

Aproveitamentos madeirables:	
29.682.067.-ptas. x 1.209 ha./ 1.896,9 ha.	18.918.034.-ptas.
TOTAL INGRESOS	**18.918.034.-ptas.**

Resulta un saldo no monte "Touza" (OR-2020) na parte correspondente ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila no periodo 1976-1993:

G - I = 34.681.301.-ptas. - 18.918.034.-ptas. = 15.763.267.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

6.3. DESDE O 31/12/93 ATA O 31/12/95

- GASTOS:

ANO	INVESTIMENTO	COFINANCIADO U.E.	INV. COMPUTABLE
1994	6.515.575.-ptas.	(72,5%) 4.723.792.-ptas.	1.791.783.-ptas.
1995	4.957.789.-ptas.	(72,5%) 3.594.397.-ptas.	1.363.392.-ptas.
TOTAL	11.473.364.-ptas.	8.318.189.-ptas.	3.155.175.-ptas.

Gastos totais do consorcio:	3.155.175.-ptas.
Pasados ó monte 3215583	532.396.-ptas.
Resulta un saldo no monte	2.622.779.-ptas.

Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:

- Traballos:	
2.622.779.-ptas. x 1.209 ha./ 1.896,9 ha.	1.671.643.-ptas.
- Gardería: 115.-ptas./ha. x 1.209 ha.	139.035.-ptas.
- Administración: 7,85% s/ 1.671.643.-ptas.	131.224.-ptas.
TOTAL GASTOS	**1.941.902.-ptas.**

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio:	3.711.664.-ptas.
Pasados ó monte 3215583	251.805.-ptas.
Resulta un saldo no monte:	3.459.859.-ptas.

Corresponde ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila:

- Aproveitamentos madeirables:	
3.459.859.-ptas. x 1.209 ha./1.896 ha.	2.205.161.-ptas.
TOTAL INGRESOS	**2.205.161.-ptas.**

Resulta un saldo no monte "Touza" (OR-2020) na parte correspondente ós veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila no período 1993-1995.

G - I = 1.941.902.-ptas. - 2.205.161.-ptas. = 263.259.-ptas. A FAVOR DOS VECIÑOS DE SOUTELIÑO, LAZA e CIMADEVILA.

6.4. O SALDO TOTAL DO MONTE "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELIÑO, LAZA e CIMADEVILA:

Ano 1948 - 1976 =	0.-ptas.
Ano 1976 - 1993 =	15.763.267.-ptas.
Ano 1994 - 1994 =	- 263.259.-ptas.
TOTAL	**15.500.008.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.**

7. QUE O SALDO TOTAL DO MONTE QUE SE QUERE CONVENIAR É O SEGUINTE:

Do monte "Travesa" (OR-2020)	1.543.249.-ptas.
Do monte "Touza" (OR-2065)	15.500.008.-ptas.
TOTAL	**17.043.257.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.**

Por todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "TOUZA"
Elenco: 32155111
Superficie: 1.372 ha.
Pertenza: Veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila.
Termo municipal: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **17.043.257.-ptas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Travesa" (OR-2021) teña as seguintes características:

Nome: "TRAVESA"
Elenco: OR-2021
Superficie: 471 ha. (Exclúense do consorcio 154 ha. xa transformadas a convenio nº 3215591 pola comunidade de Laza e Cimadevila, ademais das 163 ha. que pasan agora a convenio).
Pertenza: Matamá, Retorta e Arcucelos.
A restar da conta de gastos: 5.337.504.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 3.188.036.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio do Monte "Touza" (OR-2020) teña as seguintes características:

Nome: "TOUZA"
Elenco: OR-2020
Superficie: 687,9 ha.
Pertenza: Matamá, Retorta, Arcucelos, Carrajo e o Santo, Villameá.
Termo Municipal: Laza.
A restar da conta de gastos: 38.688.068.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 21.584.452.-ptas.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.

VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Con data 19 de setembro de 1996 o Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

"PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "TOUZA"
Elenco: 32155111.
Superficie: 1.372 ha.
Pertenza: Veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila.
Concello: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1% anual.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial da conta do convenio: 22.772.972.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

SEGUNDO.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TRAVESA" (OR-2021) se resten respectivamente as cantidades de 5.470.855.-ptas. e 3.188.036.-ptas. que corresponden á parte do monte do consorcio que se cancela.

TERCEIRO.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TOUZA" (OR-2020) se resten respectivamente as cantidades de 42.156.227.-ptas. e 19.942.833.-ptas. que correponden á parte do consorcio que se cancela.

CUARTO.- Que as características do consorcio OR-2020, correspondentes ó monte "TOUZA" sexan, no sucesivo, as seguintes:

Nome: "TOUZA".
Elenco: OR-2020.
Superficie: 687,90 ha.
Pertenza: Matama, Retorta e Arcucelos, Carrajo e o Santo, Vilamea, Souteliño, Laza e Cimadevila.
Concello: Laza.

QUINTO.- Que no sucesivo as características do consorcio OR-2021 correspondente ó monte "Travesa", sexan as seguintes:

Nome: "TRAVESA".
Elenco: OR-2021.
Superficie: 471 ha. (Exclúense do consorcio 154 ha. xa transformadas en convenio co nº 325591 pola comunidade de Laza e Cimadevila) ademais das 163 ha. que pasan agora a convenio.
Pertenza: Matama, Retorta e Arcucelos.
Concello: Laza.

Efectuada a revisión do convenio a que afecta a devandita Resolución detectáronse erros na aplicación das cantidades económicas imputables ó convenio.

En consecuencia, esta Sección Xurídica considera que, de conformidade co establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procedería a rectificación da devandita resolución nos termos que seguidamente se sinalan.

"PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "TOUZA".
Elenco: 32155111.
Superficie: 1.372 ha.
Pertenza: Veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila.
Termo municipal: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **17.043.257.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Travesa" (OR-2021) teña as seguintes características:

Nome: "TRAVESA"
Elenco: OR-2021.
Superficie: 471 ha. (Exclúense do consorcio 154 ha. xa transformadas a convenio nº 3215591 pola comunidade de Laza e Cimadevila, ademais das 163 ha. que pasan agora a convenio).
Pertenza: Matamá, Retorta e Arcucelos.
A restar da conta de gastos: 5.337.504.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 3.188.036.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio do Monte "Touza" (OR-2020) teña as seguintes características:

Nome: "TOUZA"
Elenco: OR-2020.
Superficie: 687,9 ha.
Pertenza: Matamá, Retorta, Arcucelos, Carrajo e o Santo, Vllameá.
Termo municipal: Laza.
A restar da conta de gastos: 38.688.068.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 21.584.452.-ptas."

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 1999
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Mª José Tato Rocha.

ILMO. SR. DR. XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e vistos os informes da súa Sección Xurídica e do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e de conformidade co establecido no artigo 105.2 da lei 30/92 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,

RESOLVO:

Rectifica-la Resolución do Excmo. Sr. Conselleiro do 19 de setembro de 1996 nos termos que seguidamente se especifican:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "TOUZA"
Elenco: 32155111
Superficie: 1.372 ha.
Pertenza: Veciños de Souteliño, Laza e Cimadevila.
Termo municipal: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **17.043.257.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Travesa" (OR-2021) teña as seguintes características:

Nome: "TRAVESA"
Elenco: OR-2021.
Superficie: 471 ha. (Exclúense do consorcio 154 ha. xa transformadas a convenio nº 3215591 pola comunidade de Laza e Cimadevila, ademais das 163 ha. que pasan agora a convenio).
Pertenza: Matamá, Retorta e Arcucelos.
A restar da conta de gastos: 5.337.504.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 3.188.036.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio do Monte "Touza" (OR-2020) teña as seguintes características:

Nome: "TOUZA"
Elenco: OR-2020
Superficie: 687,9 ha.
Pertenza: Matamá, Retorta, Arcucelos, Carrajo e o Santo, Villameá.
Termo municipal: Laza.
A restar da conta de gastos: 38.688.068.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 21.584.452.-ptas.

Contra a presente Resolución, que agota a vía administrativa, poderase interpoñer, a elección do recorrente, recurso de reposición ante a Consellería de Medio Ambiente no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da recepción da notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da recepción da notificación. Transcorrido o prazo de interposición do recurso sen que este fose presentado, esta Resolución será firme para tódolos efectos.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1999
O CONSELLEIRO
(P.O. DO 12/01/98)
O SECRETARIO XERAL

Asdo.: José Luis Aboal García-Tuñón.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Xefe do Servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense informa do seguinte:

I.-ANTECEDENTES

Con fecha 11 de abril de 2005 (nº de registro de entrada 8261), D. Ildefonso Fernández Novoa, como presidente de la comunidad de montes de Laza, Cimadevila y Souteliño, solicita la rescisión de los convenios denominados "Travesa, Lastredo e Mallada Grande", con número de elenco 321/5591 y "Touza", con nº de elenco 321/55111, conforme a los acuerdos de la Asamblea General de 12 de julio de 2003 (Se adjuntan certificados de estos acuerdos). Así mismo se indica que en el caso de existir algún saldo acreedor se descuente de los aprovechamientos pendientes de liquidación a la comunidad.

El M.V.M.C. denominado "Travesa, Lastredo e Mallada Grande" fue clasificado el 23 de marzo de 1976 a favor de los vecinos de Laza y Cimadevila. El M.V.M.C. denominado "Touza" fue clasificado el 25 de marzo de 1976 a favor de los vecinos de Souteliño, Laza y Cimadevila.

En sesión del Jurado Provincial de Montes de Ourense de 9 de julio de 2002 se tomó el acuerdo de proceder a la ejecución del acta de conciliación de 31/07/2001 y su complementaria de 21/12/2001, ampliando la titularidad del monte "Travesa, Lastredo e Mallada Grande" a los vecinos de Souteliño.

El convenio "Travesa, Lastredo e Mallada Grande" con nº de elenco 321/5591, fue aprobado por Resolución de la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes con fecha 8 de marzo de 1.996, extendiéndose sobre 1.079,00 has. El convenio "Touza" con nº de elenco 321/55111, fue aprobado por Resolución de la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes con fecha 19 de septiembre de 1996, extendiéndose sobre 1.372,00 has.

II CUENTA DE GASTOS E INGRESOS

El saldo del convenio 321/5591 a día de hoy es de 1.744,77 € a favor del monte y el del convenio 321/55111 es de 1744,77 € a favor de la Xunta de Galicia, por lo que el saldo de la comunidad de montes de Laza, Souteliño y Cimadevila es de 0,00 €.

El estado contable de los montes puede verse en las hojas adjuntas, compensándose un monte con el otro al ser el propietario el mismo. Quedaría pendiente el ingreso del 100 % de un aprovechamiento que está pendiente de liquidar por no haber sido ejecutada aún la corta.

III ESTADO FORESTAL

Los montes se encuentran arbolados en su mayor parte, y poseen dos Planes de Ordenación de Montes Arbolados, uno para cada uno de ellos. Ambos están propuestos para inscribirse en el Registro de Montes Ordenados, e incluidos en el sistema de certificación forestal.

Galicia
camiños de
concordia

Por todo isto **propoñemos**:

PRIMEIRO.- Que se aprobe a rescisión total do convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Travesa, Lastredo e Mallada Grande
Elenco: 321/5591
Superficie: 1.079,00 has.
Pertenza: Laza, Souteliño e Cimadevila
Concello: Laza

SEGUNDO.- Que se aprobe a rescisión total do convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Touza
Elenco: 321/55111
Superficie: 1.372,00 has.
Pertenza: Laza, Souteliño e Cimadevila
Concello: Laza

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2005

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,
P.A.
O Xefe do Servizo de Xestión de Montes

Jacobo Aboal Viñas

Visto e prace
O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,

Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.-
Santiago de Compostela.-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, relativo á rescisión dos convenios 321/5591 do monte vecinal en man común "TRAVESA, LASTREDO E MALLADA GRANDE" e 321/55111 do monte vecinal en man común "TOUZA", ambos propiedade da Comunidade vecinal de Laza, Souteliño e Cimadevila, do Concello de Laza.

Vistas as certificacións de data 9 de marzo de 2005 do Secretario da Comunidade vecinal propietaria dos citados montes, nas que se fai constar que en asemblea xeral ordinaria celebrada o 12 de xullo do 2003, acordouse cancelar os convenios dos montes da súa propiedade.

Visto o escrito de data 10 de marzo de 2005, do Presidente da Comunidade vecinal de Laza, Cimadevila e Souteliño no que se solicita a rescisión dos convenios celebrados para os montes "Travesa, Lastredo e Mallada Grande" e "Touza".

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense de data 27 de xuño de 2005, no que se manifesta o seguinte:

- Que o saldo da Comunidade de Montes de Laza, Souteliño e Cimadevila é na actualidade de 0,00 euros.
- Que os montes atopanse arborados na súa maior parte, e poseen ambos un Proxecto de Ordenación, aprobado por Resolucións do Director Xeral de Montes e Industrias Forestais de 27 de xuño de 2005.
- En consecuencia, proponse a rescisión dos convenios 321/5591 do monte "TRAVESA, LASTREDO E MALLADA GRANDE", cunha superficie de 1.079,00 ha., e 321/5111 do monte "TOUZA", cunha superficie de 1.372,00 ha.

Vistas as disposicións legais de aplicación,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a rescisión dos convenios dos montes "TRAVESA, LASTREDO E MALLADA GRANDE" e "TOUZA", nos termos propostos no informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2005.
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

Galicia
camiños de
concordia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aprobar a rescisión total do convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Travesa, Lastredo e Mallada Grande
Elenco: 321/5591
Superficie: 1.079,00 has.
Pertenza: Laza, Souteliño e Cimadevila
Concello: Laza

SEGUNDO.- Aprobar a rescisión total do convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Touza
Elenco: 321/55111
Superficie: 1.372,00 has.
Pertenza: Laza, Souteliño e Cimadevila
Concello: Laza

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2005

O CONSELLEIRO
(por Orde do 29/1/2003)
O Secretario Xeral,

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE - SECRETARÍA XERAL

Justo de Benito Basanta

Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. -
Santiago de Compostela.-

Galicia
camiños de
concordia